

Vinte e cinco anos despois (1983-2007)

Marcos Valcárcel

Vinte anos non é nada, rezaba un tango famoso. Nada na historia da Humanidade e menos aínda, imperceptible, na historia da Vida. O mesmo cabe dicir para un período de 25 anos. Pero 25 anos son moitos nunha sinxela vida humana e bastantes na vida dun país que chega á democracia, e tamén abondo importantes nun mundo que cambia a unha velocidade quizais demasiado acelerada. Hai vinte e cinco anos estabamos a saír aínda dun golpe militar esperpéntico, pero non por iso menos estarrecedor (o terror colle acotío forma do esperpento), e abríase unha etapa de cambios, coa chegada do PSOE ao poder, outubro de 1982, que naquel momento se vía por moitos como unha fundada esperanza dunha democracia máis completa e consolidada. Galicia, pola súa banda, estaba aínda nos inicios da súa autonomía (tras as primeiras eleccións do outono de 1981, o referendo do Estatuto fora en decembro de 1980, con taxas abraiantes de abstención: «nunca vin pobo como o galego, que dimite do seu destino», seica dixera Cunqueiro) e o nacionalismo iniciaba, no outono de 1982, un longo proceso de adaptación, lento pero eficaz, ante a nova situación política (o papel de Esquerda Galega, creada dous anos antes, e a fundación naqueles días do novo Bloque Nacionalista Galego, con Xosé Manuel Beiras á fronte). Todos sabemos ben o que pasou desde aquela, que cambios se produciron e cales outros (na provincia ourensá) non quixeron chegar aínda.

Lembran vostedes os anos 80, que na memoria xa están a se converter en mitoloxía do pasado? Despois do «tejerazo» España estaba a consolidar o seu sistema democrático e gobernaba Felipe González e os socialistas. España firmaba a súa adhesión á CEE, integrándose definitivamente en Europa, mira ti, 20 anos despois votariamos a Constitución Europea (nonnata aínda). Era elixido Ardanza como lehendakari, Carrillo expulsado do PCE e despenalizado o aborto (o divorcio xa era legal desde 1981). ETA negociaba en Alxer co goberno socialista e aparecía afogado o etarra Mikel Zabaltza, detido pola Garda Civil. No mundo, un tal Gorbachov chegaba ao máximo liderado na URSS (aínda existía) e impulsaba a «perestroika»: algúns, que antes non quixeran saber, xa non podían negar certas calamidades do «socialismo real», abríanse os arquivos do KGB. En Galicia consolidábase a autonomía, e os 80, sobre todo na súa segunda parte, marcan o momento de máximo esplendor de Coalición Galega, mentres o BNG e o PSG-EG libraban unha encabuxada disputa pola hexemonía no campo da esquerda nacionalista. A crise do goberno Albor, dous anos despois, traería un goberno tripartito, o goberno Laxe, cos socialistas, Coalición Galega e o PNG: está por facer aínda un xuízo obxectivo dos seus resultados e das súas eivas. Xosé Luís Barreiro Rivas pagou daquela todos

OUTONO FOTOGRAFICO 2007

os pratos rotos. Estreábase en Madrid *Eu saúdote, María* de Godard e o escándalo era axitado polo integrismo católico: en Ourense non se puido exhibir naquela ocasión, tentouno o Cineclubo Padre Feijoo, pero presións moi poderosas o impediron.

Pero foi no abano da política internacional onde as mutacións foron máis impresionantes. Se aplicamos a lupa á bóla do mundo, veremos que o Planeta pasou dun estado bipolar, en continua tensión prebelicista (a Guerra Fría), a unha situación inédita, tras a caída do Muro de Berlín en 1989, onde o capitalismo se sente xa dono absoluto e globalizado de xentes e consciencias. Xa só existe unha soa e única Hiperpotencia, os Estados Unidos, fronte a unha URSS retirada e calada no concerto diplomático (mentres lle deixan limpar en casa os seus «pecados», como o masacre de Chechenia e o asasinato de xornalistas críticas co réxime). É moi cedo aínda para saber o que pasará no futuro coas posibles novas potencias emerxentes como China ou Brasil. A hiperpotencia norteamericana, desde os brutais atentados do 11 de setembro de 2001, séntese xa lexitimada para impoñer a súa lei brutal e belicista sobre o planeta enteiro, sen atender a ningún tipo de consenso diplomático internacional: hoxe Iraq, mañá quizais Irán. Os soldados norteamericanos gozan de impunidad e Estados Unidos négase tamén a cumprir as súas obrigas co Protocolo de Kioto contra o deterioro ambiental ou a aceptar a constitución da Corte Penal Internacional, paso decisivo nunha nova regulamentación das relacións mundiais. Todo isto é grave, e tamén o é que esteamos a deseñar un mundo onde cada vez sexa máis

difícil o diálogo intercultural entre diferentes civilizacións ou ámbitos de crenzas relixiosas. Un mundo fortificado ante a inmigración exterior e demasiado convencido da verdade absoluta do modelo anglosaxón distribuído a todo o planeta polos *mass media* e a nova cultura popular *made in MacDonalds*. Escoitamos voces que se lamentan pola desaparición co clima de «guerra fría» coa antiga URSS: daquela cando menos sabiamos onde estabamos. Hoxe todo é máis inseguro e incerto. Sen outros escudos ideolóxicos rexorde a guerra de relixións (cando menos ese é o aspecto formal exterior) e o fanatismo e integrismo máis radicais: moitos milleiros de persoas odian ao longo de todo o planisferio o que representa o mundo occidental e están dispostos a sacrificar a súa vida en consumación efectiva dese odio, fillo de ignorancias múltiples e inxustizas reais a un tempo.

Algún día laiarémonos todos da perda da diversidade cultural, como hoxe choramos os estragos que na biodiversidade da Natureza impuxo o ser humano nos últimos tempos. Pero máis terrible aínda que todo iso é comprobar, coa nosa lupa sobre o planeta, que algúns máis que vellos problemas seguen sen resolver, enquistados desde hai moitas décadas (Palestina, Sahara, a situación terrible de América Central e boa parte de América do Sur, os nacionalismos europeos sen estado, etc.) ou certificar que o mundo é cada vez máis inxusto, que as diferenzas no desenvolvemento dos países do mundo segue a medrar (como testemuñan os informes do Desenvolvemento Humano da ONU), que persiste o analfabetismo e a miseria, ou mesmo que África morre, en silencio, de fame e SIDA, sen que iso preocupe máis que a unha minoría voluntariosa de ONG chamadas a suplir o

que os gobernos dos países ricos non queren facer. Os cidadáns seguen votando. Seica o único que importa.

Fagamos un salto acrobático do macro ao micro. E o noso Ourense nestes 25 anos? Imposible facer un balance global neste espazo reducido, pero é evidente que se alternan as mutacións coas inercias do pasado. Ata temos un alcalde na provincia que segue a celebrar cada 20-N o *Innombrable* e presume de ser máis cabezón que ninguén. Pero falarei só de cultura, o mundo que mellor coñezo. En 25 anos pasaron moitas cousas e hai sinais alentadores. Lembremos algúns: a posta en marcha do Teatro Principal como núcleo da sociabilidade cidadá xa desde inicios dos 80. A demostrada vitalidade cultural do asociacionismo cultural de base (desde o Liceo ata o Clube Alexandre Bóveda, xa desaparecido, e unha chea de asociacións que traballaron neste período). O labor continuado dos nosos creadores artísticos e literarios: desde Buciños a Xosé Carlos Caneiro, desde Bieito Iglesias ata Pablo Otero *Peixe* e pecho as citas porque precisaría varias páxinas para relembralos a todos. O nacemento de novas iniciativas editoriais ourensás, campo sempre tan pobre en Auria, como as editoriais Linteo, Duen de Bux e Difusora ou de coleccións como a serie «Auria» de libros ourensás, promovida polo Concello de Ourense. A cidade sabe valorar o que significa unha oferta cultural ambiciosa e apoia calquera evento nesta liña; citemos, só como exemplo, o Festival Internacional de Cine, chamado a ser Festival Galego do Cine se encontra os apoios necesarios e imprescindibles, ou a Mostra Universitaria de Teatro impulsada desde Sarabela, cerna do teatro ourensán, entre

moitos outros. O labor impagable de dinamización cultural da Casa da Xuventude neste período en tantas e tantas facetas: Outono Fotográfico, banda deseñada, Maio Xove, grupos teatrais, etc. Son todos sinais positivos, como o foi tamén a posta en marcha aínda recente do flamante Auditorio de Ourense que podemos gozar acotío: unha infraestrutura moi útil para o mundo da música, do teatro e da creación cultural en xeral.

Pero non esquezamos tampouco os datos negativos. Necesitamos unha mellor atención ás funcións patrimoniais que afectan ao noso legado cultural (museos, o esquecido Arquivo Municipal, etc.). Seguen paradas ou a ritmo de tartaruga constipada as obras do Arquivo Histórico Provincial e da Biblioteca Pública na contorna do Auditorio e do barrio de San Francisco. Inédita tamén a futura Escola de Teatro tantas veces anunciada. Non temos un lugar estable de exposición que amose a vixosidade do quefacer dos nosos artistas (o tantas veces demandado Museo de Arte Contemporánea para os artistas ourensás): reclamamos a recuperación cultural do edificio nobre do Banco de España, en plena rúa do Paseo, con apoio cidadán, pero con pouco éxito, ata agora, na clase política. Necesitamos, con urxencia, unha rede de bibliotecas de barrio que palién carencias evidentes. E un maior compromiso coa nosa identidade, co idioma galego como referente central: unha cidade aberta ao mundo, pero que non renega do seu ADN, das súas raíces históricas e culturais máis profundas. Non son moitos 25 anos no devir do mundo, pero Ourense segue a mudar, e a cita do Outono Fotográfico é a mellor testemuña deses cambios e das esperanzas que aínda mantemos no noso fardel dos mellores soños.